



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezanove de setembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don José Prieto Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de setembro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Visto o escrito de **Dona Ana Maria Blanco Sousa**, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 1, 1ºC, no que solicita redución das taxas que deben aboar os seus fillos no Conservatorio e Escola de Música de Ribadavia.

Tendo en conta o informe social do traballador social do Concello de data 07.09.2011, no que se valora desfavorablemente a solicitude, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda non acceder a petición solicitada.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Departamento territorial de Ourense, Servicio de mobilidade, escrito comunicando a modificación das condicións da explotación da concesión V-7043-XG417 de Augas de Incio S.A., con motivo da regularización da mesma.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- Da Secretaria Xeral de Política Lingüística, escrito sobre subvención solicitada para Programas de Dinamización Lingüística.
- De Novacaixagalicia, escrito comunicando subvención por importe de 5.800 euros para XXVII Edición da Mostra Internacional de Tetaro.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento de solicitude de subvención acordada por Resolución da Alcaldía de data 05.09.11, no que se aproba-la memoria denominada "Grupo de Limpeza e Mantemento" ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 30 de decembro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2011, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a traves dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

ELECTRICIDAD GREMACA Y CIA S.L., factura núm. A/06, en concepto de traballos de alumeado artistico Nadal 2010-11, por importe de 7.000 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2011.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2011, por importe de 41.759,53 euros, tarifa de depuración por importe de 8.045,94 euros, máis 3.976,66 euros de IVE, resultando un total de 53.782,13 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2011, por importe de 17.784,82 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 14.691,31 euros.-



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 13 de setembro de 2011 e o 2 de novembro de 2011”.

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2011, por importe de 34.623,79 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2011.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.